36011191	Montecastelo	Vigo	1	1º curso de desenvolvemento de produtos electrónicos
			1	2º curso de desenvolvemento de produtos electrónicos
			1	1º curso de desenvolvemento de aplicacións informáticas
			1	2º curso de desenvolvemento de aplicacións informáticas
36011361	San José de la Guía	Vigo	1	1º curso de educación infantil
			1	2º curso de educación infantil
			2	Integración social
36011609	Colegio Hogar Caixanova	Vigo	1	1º curso de sistemas de regulación e control automático
			1	2º curso de sistemas de regulación e control automático
			1	1º curso programación da produción (en fabricación mecánica)
			1	2º curso programación da produción (en fabricación mecánica)
			1	1º curso de desenvolvemento de produtos electrónicos
			1	2º curso de desenvolvemento de produtos electrónicos
36011521	Vivas	Vigo	1	1º curso de desenvolvemento de aplicacións informáticas
			1	2º curso de desenvolvemento de aplicacións informáticas
			1	1º curso de administración e finanzas
			1	2º curso de administración e finanzas

ANEXO VII

Provincia: A Coruña

Código	Centro	Concello	Unidades	F.C.T. ciclos medios
15020313	Efa Piñeiral	Arzúa	1	Comercio
			1	Panificación e repostería
			1	Coidados auxiliares de enfermaría
15004061	Cervantes	Coruña, A	1	Xestión administrativa

Código	Centro	Concello	UU.EE.	Denominación P.C.P.I.
15004061	Cervantes	Coruña, A	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
15021986	Cruz Roja Española	Coruña, A	1	Coidados auxiliares de enfermaría
			1	Farmacia
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	1	Comercio
15004231	Karbo	Coruña, A	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	1	Xestión administrativa
15004265	Liceo La Paz	Coruña, A	1	Coidados auxiliares de enfermaría
			1	Xestión administrativa
15005488	López y Viciña	Coruña, A	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
15004356	Nebrija	Coruña, A	1	Xestión administrativa
			2	Coidados auxiliares de enfermaría
			2	Farmacia
			1	Comercio
15004541	San Andrés	Coruña, A	1	Xestión administrativa
15009470	Loyola	Mugardos	1	Xestión administrativa
15010204	Santiago Apóstol	Narón	1	Xestión administrativa
15010769	María Assumpta	Noia	1	Xestión administrativa
15026649	Divino Maestro	Pobra, A	1	Xestión administrativa
15013461	San José	Ponteume	1	Xestión administrativa

Provincia: Ourense

Código	Centro	Concello	Unidades	F.C.T. ciclos medios
32015530	San Martín	Ourense	1	Xestión administrativa
			2	Coidados auxiliares de enfermaría
32008914	Santo Cristo	Ourense	1	Coidados auxiliares de enfermaría
			1	Farmacia
			1	Comercio
			1	Xestión administrativa
32009189	Valle Inclán	Ourense	1	Comercio
			1	Xestión administrativa

Provincia: Pontevedra

Código	Centro	Concello	Unidades	F.C.T. ciclos medios
36000417	San Fermín	Caldas de Reis	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
36005671	Efa A Cancela	Neves, As	1	Panificación e repostería
			1	Xestión administrativa
36018033	Vigo	Redondela	1	Comercio
36011622	Aloya	Vigo	1	Xestión administrativa
36013795	Cebem	Vigo	1	Xestión administrativa
36011609	Colegio Hogar Caixanova	Vigo	1	Impresión en artes gráficas
36011853	Daniel Castelao	Vigo	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
36016152	Divino Maestro	Vigo	1	Xestión administrativa
			2	Coidados auxiliares de enfermaría
36016723	Mendiño	Vigo	1	Xestión administrativa
			2	Coidados auxiliares de enfermaría
			1	Comercio
36011348	San Miguel	Vigo	1	Xestión administrativa
			1	Comercio
			2	Coidados auxiliares de enfermaría
36011521	Vivas	Vigo	1	Xestión administrativa
			1	Coidados auxiliares de enfermaría
			1	Farmacia

Provincia: A Coruña

Código	Centro	Concello	Unidades	F.C.T. ciclos superiores
15020313	Efa Piñeiral	Arzúa	1	Xestión comercial e marketing
15005270	Caixa Galicia	Coruña, A	2	Secretariado

Provincia: Pontevedra

Código	Centro	Concello	Unidades	F.C.T. ciclos superiores
36011622	Aloya	Vigo	1	Secretariado

Código	Centro	Concello	UU.EE.	Denominación P.C.P.I.
36013795	Cebem	Vigo	1	Secretariado
36011361	San José de la Guía	Vigo	2	Integración social

ANEXO VIII

Provincia: A Coruña

Código	Nome do centro	Concello	Horas 1º ciclo	Horas 2º ciclo	Total horas orientación
15000132	Alca	Ames	8	8	16
15000600	Nuestra Señora del Rosario	Arzúa	8	8	16
15001112	Nuestra Señora del Carmen	Betanzos	8	8	16
15002566	Artai	Carballo	8	12	20
15003200	Manuela Rial Mouzo	Cee	12	13	25
15021974	Efa Fonteboa	Coristanco	8	8	16
15004009	Calasanz Femenino	Coruña, A	12	13	25
15004010	Calasanz -PP.Escolapios	Coruña, A	12	13	25
15004083	Compañía de María	Coruña, A	12	13	25
15004101	Cristo Rey	Coruña, A	12	13	25
15004770	Esclavas del Sagrado Corazón	Coruña, A	12	13	25
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	12	13	25
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	12	13	25
15004265	Liceo La Paz	Coruña, A	12	13	25
15022000	Montegrande	Coruña, A	8	8	16
15004435	Padres Franciscanos	Coruña, A	8	8	16
15004460	Peñarredonda	Coruña, A	8	8	16
15004526	Sagrado Corazón	Coruña, A	12	13	25
15004538	San Juan Bosco	Coruña, A	12	13	25
15004642	Santa María del Mar	Coruña, A	12	13	25
15004654	Santo Domingo	Coruña, A	12	13	25
15020489	Montespiño	Culleredo	8	8	16
15024884	Rías Altas	Culleredo	8	8	16
15006353	Jorge Juan	Fene	12	13	25
15006481	Compañía de María	Ferrol	12	13	25
15006501	Cristo Rey	Ferrol	12	13	25
15006390	Jesús Maestro	Ferrol	8	8	16
15006420	La Salle	Ferrol	12	8	20
15006456	Sagrado Corazón	Ferrol	12	13	25
15006511	Santa Juana de Lestonnac	Ferrol	12	13	25
15006432	Tirso de Molina	Ferrol	12	13	25
15006882	Valle Inclán I	Ferrol	8	8	16
15007230	Nuestra Señora del Carmen	Fisterra	8	8	16
15009470	Loyola	Mugardos	8	8	16
15010204	Santiago Apóstol	Narón	12	13	25
15010137	Ayala	Narón	8	8	16
15010071	Jorge Juan	Narón	8	8	16
15010794	Jaime Balmes	Noia	12	13	25
15010769	María Assumpta	Noia	12	13	25
15011002	Hijas de Cristo Rey	Oleiros	12	13	25
15013497	Luis Vives	Pontevedra	8	8	16
15013461	San José	Pontevedra	8	8	16
15014532	Bayón	Ribeira	8	8	16
15014520	Galaxia	Ribeira	12	13	25
15014416	La Milagrosa Josefa Sobrido	Ribeira	8	8	16
15014349	Sagrado Corazón de Jesús	Ribeira	8	8	16
15015378	Compañía de María	Santiago de Compostela	12	13	25
15015548	Divino Maestro	Santiago de Compostela	8	8	16
15015603	La Salle	Santiago de Compostela	12	13	25
15015779	Nuestra Señora de Los Remedios	Santiago de Compostela	12	13	25
15015615	San Francisco Javier	Santiago de Compostela	8	8	16
15015627	San José de Cluny	Santiago de Compostela	12	13	25
15015482	San Pelayo	Santiago de Compostela	12	13	25

Provincia: Lugo

Código	Nome do centro	Concello	Horas 1º ciclo	Horas 2º ciclo	Total horas orientación
27004453	Martínez Otero	Foz	8	8	16
27004465	Nuestra Señora del Pilar	Foz	8	8	16
27006231	Divina Pastora	Lugo	12	13	25
27006255	Divino Maestro	Lugo	8	8	16
27006322	La Inmaculada	Lugo	12	13	25
27006243	María Auxiliadora	Lugo	12	13	25
27006280	Padres Franciscanos	Lugo	12	13	25
27006437	San José	Lugo	12	13	25
27007211	Divina Pastora	Monforte de Lemos	8	8	16
27007235	Ferrovuario	Monforte de Lemos	8	8	16
27007223	Padres Escolapios	Monforte de Lemos	12	13	25
27010911	Sagrado Corazón de Jesús	Ribadeo	12	13	25
27011998	La Merced	Sarria	8	8	16
27011974	Nuestra Señora de la Asunción	Sarria	8	8	16

Provincia: Ourense

Código	Nome do centro	Concello	Horas 1º ciclo	Horas 2º ciclo	Total horas orientación
32001661	Divina Pastora	Barco de Valdeorras, O	12	13	25
32002973	Sagrado Corazón	Carballiño, O	8	8	16
32016066	Vila do Arenteiro	Carballiño, O	8	8	16
32003783	Sagrado Corazón	Celanova	8	8	16
32016731	Malvedo	Coles	8	8	16
32009062	Cardenal Cisneros	Ourense	8	8	16
32008446	Concepción Arenal	Ourense	12	13	25
32008525	Divina Pastora	Ourense	12	13	25
32008665	Divino Maestro	Ourense	8	8	16
32008707	La Purísima	Ourense	8	8	16
32016728	Luis Vives	Ourense	12	13	25
32008458	María Auxiliadora	Ourense	12	13	25
32008616	Padre Feijoo Zorelle	Ourense	12	13	25
32008550	San José	Ourense	12	13	25
32008604	Santa María	Ourense	12	13	25
32008513	Santa Teresa de Jesús	Ourense	12	13	25
32008410	Santo Ángel	Ourense	12	13	25
32020631	Pablo VI-Fátima	Rúa, A	12	13	25
32013557	María Inmaculada	Verín	12	13	25

Provincia: Pontevedra

Código	Nome do centro	Concello	Horas 1º ciclo	Horas 2º ciclo	Total horas orientación
36000351	Virgen Milagrosa	Bueu	8	8	16
36000417	San Fermín	Caldas de Reis	12	13	25
36000569	Salesianos A Mercé	Cambados	12	13	25
36000910	Casa de la Virgen	Cangas	8	8	16
36001008	Compañía de María	Cangas	12	13	25
36016115	Eduardo Pondal	Cangas	12	13	25
36000831	Sagrada Familia	Cangas	8	8	16
36002323	Nuestra Señora de Lourdes	Estrada, A	8	8	16
36003960	Padres Somascos	Guarda, A	8	8	16
36003996	San José	Guarda, A	8	8	16
36004113	Sagrado Corazón	Lalín	12	13	25
36004514	La Inmaculada	Marín	12	13	25
36004526	San Narciso	Marín	12	13	25
36005427	Lar	Mos	12	13	25
36005919	Ángel de la Guarda	Nigrán	8	8	16
36020155	Estudio	Nigrán	8	8	16
36007527	La Inmaculada	Ponteareas	8	8	16
36007515	Santiago Apóstol	Ponteareas	12	13	25

Código	Nome do centro	Concello	Horas 1º ciclo	Horas 2º ciclo	Total horas orientación
36006641	Calasancio	Pontevedra	12	13	25
36006705	Nuestra Señora de los Dolores	Pontevedra	12	13	25
36006699	Sagrado Corazón de Jesús	Pontevedra	12	13	25
36006237	Sgdo. Corazón de Jesús (Placeres)	Pontevedra	12	13	25
36006973	Hermanos Quiroga Rodríguez	Porriño, O	8	8	16
36006997	Santo Tomás	Porriño, O	8	8	16
36018033	Vigo	Redondela	8	8	16
36016024	Abrente	Sanxenxo	8	8	16
36009123	María Inmaculada	Silleda	8	8	16
36009147	Santiago Apóstol	Soutomaíor	12	13	25
36019876	Santa María	Tui	8	8	16
36011531	Alba	Vigo	12	13	25
36010927	Alborada	Vigo	8	8	16
36011622	Aloya	Vigo	8	8	16
36009925	Amor de Dios	Vigo	12	13	25
36014209	Andersen Aungalonga	Vigo	8	8	16
36010903	Apóstol Santiago	Vigo	12	13	25
36010915	Atlántida	Vigo	8	8	16
36010939	Barreiro	Vigo	8	8	16
36024057	Bouza Brey	Vigo	8	8	16
36010976	Compañía de María	Vigo	12	13	25
36010216	Divino Salvador	Vigo	12	13	25
36011750	Don Bosco	Vigo	8	8	16
36010435	El Castro	Vigo	8	8	16
36011257	El Pilar	Vigo	12	13	25
36010356	Escuelas Nieto	Vigo	8	8	16
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	8	8	16
36011099	Labor	Vigo	12	13	25
36011831	Las Acacias	Vigo	8	8	16
36011117	Losada	Vigo	8	8	16
36011142	María Auxiliadora	Vigo	12	13	25
36011166	María Inmaculada	Vigo	12	13	25
36011181	Mariano	Vigo	12	13	25
36010095	Martín Codax	Vigo	12	13	25
36011518	Mercantil	Vigo	8	8	16
36011178	Miralba	Vigo	12	13	25
36011191	Montecastelo	Vigo	8	8	16
36010824	Monterrey	Vigo	8	8	16
36016097	Montesol	Vigo	12	13	25
36010800	Niño Jesús de Praga	Vigo	8	8	16
36011385	Nuestra Señora de la Esperanza	Vigo	8	8	16
36011221	Padre Mígues	Vigo	12	13	25
36011491	Possumus	Vigo	8	8	16
36011865	Quiñones de León	Vigo	8	8	16
36011270	Rosalía de Castro	Vigo	12	13	25
36011300	San Blas Vista Alegre	Vigo	8	8	16
36010848	San Fernando	Vigo	8	8	16
36011351	San José de Cluny	Vigo	12	13	25
36011361	San José de La Guía	Vigo	8	8	16
36011211	San Miguel 2	Vigo	8	8	16
36010897	Santa Cristina	Vigo	8	8	16
36012456	Sagrada Familia	Vilagarcía de Arousa	12	13	25
36012468	San Francisco	Vilagarcía de Arousa	8	8	16

ANEXO IX

En Santiago de Compostela, o 31 de agosto de 2009.

Dunha parte:

Jesús Vázquez Abad, conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Doutra parte:

Don/Dona.....
na condición de titular/representante legal do centro do cal se expresan a continuación os datos:

Denominación:.....

Código:.....

Enderezo:.....

Localidade:.....

Concello:.....

Provincia:.....

A teor do disposto nos artigos 3.2º e 25 do Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos, aprobado por Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro (no sucesivo regulamento), e de acordo coa Orde do 10 de agosto de 2009,

ACORDAN:

Subscribir o concerto educativo, de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira.-Este concerto educativo ten por obxecto o sostemento do centro privado con fondos públicos para a prestación do servizo público da educación nos termos previstos na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, modificada pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Por este concerto o centro asume as obrigas establecidas nas devanditas leis orgánicas, no regulamento, na Orde do 9 de xaneiro de 2009, pola que se ditan normas para a aplicación do réxime de concertos educativos a partir do curso académico 2009-2010, así como nas demais normas que lle sexan aplicables.

Segunda.-De acordo co establecido na Orde do 26 de agosto de 2009 (DOG do 31 de agosto), pola que se resolve a concesión dos concertos educativos, este concerto terá a seguinte extensión e duración:

(*)

(*) Indicarase o nivel ou niveis educativos, número de unidades e período polo que se concerta. No caso de formación profesional especificarase familia profesional ou ciclo formativo e no de educación especial expresarase a modalidade.

Terceira.-A Administración está obrigada á asignación de fondos públicos para o sostemento do centro concertado nos termos sinalados nos artigos 116 da LOE e 12 e 13 do Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

A Administración educativa satisfaralle ao persoal docente do centro os salarios correspondentes, como pagamento delegado e en nome da entidade titular do centro, sen que estes signifiquen relación laboral algunha entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o mencionado persoal docente.

Cuarta.-O titular do centro está obrigado a impartir as ensinanzas obxecto deste concerto gratuitamente, sen percibir ningún concepto que, directa ou indirectamente, supoña unha contrapartida económica pola impartición das ditas ensinanzas, de acordo cos correspondentes deseños curriculares base e plans de estudo e con suxeición ás normas de ordeación académica en vigor.

Quinta.-O titular do centro está obrigado, así mesmo, a que as actividades escolares complementarias, actividades extraescolares e servizos complementarios que, se é o caso, se realicen no centro, se adecúen ao disposto no artigo 51 da Lei orgánica reguladora do dereito á educación, e no Decreto 444/1996, do 13 de decembro (DOG do 2 de xaneiro de 1997), polo que se regulan as actividades escolares complementarias, as actividades extraescolares e os servizos complementarios dos centros privados en réxime de concerto.

Sexta.-Polo concerto, o titular obrígase ao cumprimento das normas de admisión de alumnos que se establecen no artigo 84 da Lei orgánica de educación, no Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo), pola que se regula o procedemento para admisión do alumnado no segundo ciclo de educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, e demais normativa aplicable ao procedemento de admisión de alumnos nos centros sostidos con fondos públicos.

Sétima.-O titular do centro obrígase a manter e, se é o caso, a constituír os órganos de goberno a que se refire o artigo 54 da Lei orgánica reguladora do dereito á educación, o artigo 26 do mencionado Real decreto 2377/1985 e a Orde do 28 de agosto de 1996, pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados.

Oitava.-Mediante sinatura do concerto o titular do centro obrígase, durante a vixencia deste, á colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na xestión dos programas de gratuidade de libros de texto e nas axudas ou bolsas que se establezan para a adquisición de libros de texto e materiais escolares, e que afecten ao alumnado do centro.

Novena.-A provisión de vacantes do persoal docente que se produzan no centro concertado realizárase conforme o disposto no artigo 60 da Lei orgánica reguladora do dereito á educación e no artigo 26.3º do mencionado Real decreto 2377/1985.

Décima.-Independentemente do número de unidades autorizadas, o centro unicamente terá en funcionamento, en niveis de ensino obrigatorio, o número de unidades concertadas; non obstante, isto non lle será de aplicación se o centro está a acceder de xeito progresivo ao réxime de concertos.

Décimo primeira.-O titular do centro concertado deberá facer constar na súa denominación, na súa documentación e na súa publicidade a condición de centro concertado.

Igualmente o titular deberá poñer en coñecemento dos membros da comunidade escolar e, se é o caso, das autoridades competentes o carácter propio do centro, no suposto de que o tivese.

Décimo segunda.-Para a execución do concerto o titular do centro adoptará as seguintes medidas:

1. Para os efectos do aboamento das cantidades correspondentes a salarios facilitaralle á administración educativa competente as nóminas do persoal docente, as liquidacións das cotizacións á Seguridade Social mediante a formalización e remisión dos documentos oficiais de cotización correspondentes, así como os partes de alta, baixa ou alteración.

2. As altas e baixas do persoal docente no réxime da Seguridade Social xestionarásas o titular do centro na súa condición de empregador na relación laboral. As devanditas circunstancias deberán ser acreditadas por este ante a administración educativa competente.

As responsabilidades que puidesen derivarse do incumprimento das obrigas de altas, baixas e liquidación de cotizacións, serán por conta do titular do centro.

3. Nas nóminas relacionarase os profesores correspondentes ás unidades concertadas sen que, en ningún caso, o custo de cada unidade, excluída a antigüidade, poida exceder dos módulos económicos de distribución de fondos públicos para o sostemento de centros concertados.

Así mesmo, a listaxe das nóminas incluírá as circunstancias que concorren en cada profesor para efectos de determinar o soldo, a antigüidade, a cotización á Seguridade Social e outras posibles variantes.

4. Todas as actividades do profesorado do centro concertado, tanto lectivas coma non lectivas, retribuídas pola Administración, prestaranse no nivel de ensino obxecto deste concerto.

5. As cantidades aboadas durante o ano pola Administración, en concepto de outros gastos, xustificaranse ao longo do mes de xaneiro do ano seguinte mediante a presentación polo titular da certificación do acordo do Consello Escolar aprobatorio das contas.

Para a xustificación das cantidades aboadas en concepto de persoal complementario achegarase orixinais ou copias compulsadas das nóminas e TC2 da Seguridade Social do persoal contratado. Estas cantidades xustificaranse, no mesmo prazo, separadamente das do concepto outros gastos.

O titular do centro obrígase a conservar a documentación orixinal acreditativa dos gastos xustificadas e a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos importes recibidos.

Décimo terceira.-Para a renovación, prórroga e/ou modificación deste concerto observárase o disposto no título V do Regulamento e na Orde do 9 de xaneiro de 2009.

Décimo cuarta.-Serán causas de extinción deste concerto as sinaladas no título VI do mencionado Real decreto 2377/1985.

E para que así conste, na data e lugar antes indicado, asinan este documento por triplicado,

Polo centro privado Asdo.:	Pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Jesús Vázquez Abad Conseleiro
-------------------------------	---

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 14 de agosto de 2009 pola que se modifica o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador.

O actual Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador foi aprobado por Orde do 29 de outubro de 2001 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, e modificado pola Orde do 22 de febreiro de 2002, da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Posteriormente foi ratificado por Orde do 24 de abril de 2002, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Con posterioridade á data de aprobación deste regulamento producíronse cambios normativos importantes no relativo ao réxime xurídico e de funcionamento dos consellos reguladores das denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia. Este cambio tivo lugar coa entrada en vigor da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega e, posteriormente, coa dun dos seus regulamentos de desenvolvemento, o Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro, polo que se regulan as denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores. Esta lei e o decreto de desenvolvemento citado establecen o novo marco legal ao que deben axustarse as denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas do ámbito galego e os seus consellos reguladores, sendo a novidade de máis alcance a configuración destes órganos como corporacións de dereito público con personalidade xurídica de seu, abandonando a súa forma xurídica tradicional de entes desconcentrados da administración carentes de personalidade xurídica diferenciada dela.

Tras a aprobación do citado Decreto 4/2007 e de acordo co previsto na súa disposición transitoria primeira, durante o ano 2007 celebráronse eleccións en todos os

consellos reguladores do sector agroalimentario existentes na comunidade autónoma naquel momento. Os órganos de goberno resultantes deses procesos electorais tiñan, segundo o recollido na alínea 3 da dita disposición transitoria, o encargo de elaborar, para a súa aprobación pola consellería, a proposta de modificación do seu respectivo regulamento para adaptalo ao contido da Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, e o citado decreto de desenvolvemento. Segundo a alínea 4 da devandita disposición transitoria, a entrada en vigor do novo regulamento determinará a constitución do Consello Regulador como corporación de dereito público.

De acordo co anterior, en meses pasados o Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia iniciou o proceso para a reforma do seu regulamento, que culminou coa súa aprobación polo Pleno e a posterior remisión á Consellería do Medio Rural. Porén, esta modificación, ademais de facer unha adaptación dos preceptos do regulamento ao marco legal autonómico citado, pretende unha actualización doutros aspectos de carácter técnico relativos á definición do produto protexido que afectan o prego de condicións comunicado no seu día á Comisión Europea e sobre o que se baseou o rexistro desta indicación xeográfica. Neste caso, a normativa de aplicación europea -Regulamento 510/2006, do Consello, do 20 de marzo de 2006 e Regulamento (CE) 1898/2006, da Comisión, do 14 de decembro de 2006-, española -Real decreto 1069/2007, do 27 de xullo- e autonómica -o citado Decreto 4/2007, do 18 de xaneiro- obrigan a seguir un procedemento de certa complexidade, que culmina coa remisión do novo prego de condicións á Comisión Europea, con carácter previo a que se poida efectuar a publicación do regulamento no que se inclúen as modificacións que afectan o dito prego de condicións.

Este procedemento xa está iniciado, pero aínda se vai dilatar por un tempo. Por outra parte, diversas circunstancias relativas ao funcionamento do Consello Regulador da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia aconsellan unha urxente modificación puntual do seu regulamento, concretamente do artigo 33º, para configurar o dito organismo, de acordo coas previsións do marco legal autonómico antes citado, como corporación de dereito público e facilitar así a súa actividade.

Por iso, mediante esta orde faise dita reforma parcial á espera de que, unha vez que remate o procedemento relativo á comunicación á Comisión Europea das modificacións do prego de condicións, se aprrobe o texto completo do novo regulamento.

En virtude do anterior e de acordo co establecido na Lei 2/2005, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación do anexo da Orde do 29 de outubro de 2001, da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, pola que se aproba o Regulamento da indicación xeográfica protexida Pataca de Galicia e do seu Consello Regulador.